O proceso de AAE comeza coa elaboración dun Anteproxecto da MODIFICACIÓN PUNTUAL como Documento de inicio, no que se recollen de forma resumida os principais obxectivos e características do conxunto de problemas aos que debe dar resposta a futura Modificación Puntual Nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Tal e como establece a *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (en diante, LOUG), en redacción dada pola *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUG*, redactarase un documento de inicio nos termos e condicións do

artigo 86.1.g).

2. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 – Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATl aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10.09.2009.

Na categoría de SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (SUNC), o PXOM de Vigo delimitou o ámbito de planeamento remitido APR -4-09 CALVARIO 6, situado entre as Rúas San Roque, Avenida Alcalde Gregorio Espino e Reixeñor, coa ordenación remitida á Modificación Puntual do PERI do Calvario, no Polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de outubro de 2.005 (existe un erro material na data que figura na ficha do PXOM, en realidade a data de aprobación definitiva foi o 12 de setembro de 2005), integramente asumido polo Plan.

O Pleno do Concello de Vigo, o 12 de setembro de 2005, acordou aprobar definitivamente a modificación do PERI do Calvario, en canto á delimitación do seu polígono nº 11, fixando o sistema de cooperación. (Publicación no BOP nº 206, de 26.10.2005).

A Xunta de Goberno Local o 7 de outubro de 2008 aprobou definitivamente o proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV 04 do Calvario (actual APR 4 09 "Calvario 6", expte 4624/401). Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.03.09, deuse resolución aos recursos de reposición interpostos por diversos interesados. O 12.04.2010 e o 7.07.2010 a Xunta de Goberno Local adoptou acordos de aprobación de operacións xurídicas complementarias requiridas polo Rexistro de Propiedade para a inscrición do Proxecto de Reparcelación.

O Proxecto de Urbanización do Polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario (APR A-4-09 CALVARIO 6) foi aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2009.

O día 31.07.2012, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 2 de Vigo, ditou a sentenza nº. 222/12 nos autos dos P.O. 234/2009 e P.O. 395/2009 (acumulados), anulando os nomeados acordos da Xunta de Goberno Local de aprobación definitiva do proxecto de reparcelación de día 07.10.2008, de aprobación definitiva do proxecto de urbanización de día 22.06.2009, de aprobación da operación xurídica complementaria de 12.04.2010 e de rectificación de dita aprobación xurídica complementaria de 19.07.2010.

De acordo coa parte dispositiva da referida sentenza, unha vez firme o resolto, o Xulgado de referencia

procedería ao plantexamento dunha cuestión de ilegalidade perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a respecto da inclusión do inmovible sito no nº. 124 da rúa San Roque no ámbito da «APR A-4-09 Calvario 6», por considerar o dito Xulgado sentenciador que a clasificación e categorización que debера corresponder a esa parcela sería a de solo urbano consolidado. Así mesmo, acordou a comunicación da dita sentenza no momento en que adquirira firmeza, ao Rexistro da Propiedade nº. 2 de Vigo para a práctica dos asentos rexistrais que procederan.

O día 18.10.2012, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 2 de Vigo ditou Auto plantexando a mencionada cuestión de ilegalidade perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o 26.10.2012 expediu mandamento ao Rexistro da Propiedade Nº. 2 de Vigo para que procedera á práctica dos correspondentes asentos rexistrais, sendo devolto dito mandamento pola Rexistradora da Propiedade o día 03.11.2012.

O día 03.12.2012, o Vicepresidente da XMU ditou resolución anulando outra pola que aprobara a liquidación da primeira cuota de urbanización do polígono.

En data 21.02.2013, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª, Sala do Contencioso-Administrativo) ditou sentenza nº. 135/2013 na cuestión de ilegalidade nº. 4873/2012 formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 2 de Vigo, anulando parcialmente a Orde da CPTOPT de 16.05.2008, sobre aprobación definitiva e parcial do PXOM de Vigo no extremo relativo á indebida inclusión de parte do inmovible sito no nº. 124 da rúa San Roque no ámbito de solo urbano non consolidado «APR A-4-09 Calvario 6», incorporada e asumida polo dito PXOM cuxa delimitación, necesariamente, vese afectada pola obrigada exclusión da nomeada parcela.

En data 05.04.2013, o Consello da XMU tomou coñecemento do contido da sentenza o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de día 21.02.2013.

O 23.10.2013 os servizos técnicos e xurídicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo redactan informe en relación con dita sentenza, e sobre as medidas a adoptar, concluíndo no seguinte:

"A alteración da categorización de solo urbano , pasando de non consolidado a consolidado, como se esixe na sentenza no referente á parcela da Rúa san Roque nº 124, é unha modificación que únicamente pode ser abordada a través dunha Modificación Puntual de Planeamento Xeral, tendo en conta que a categorización de solo é unha determinación propia do PXOM, según dispón o artigo 12 da LOUGA. Igualmente esta vía é a única para corrixir a delimitación e as determinacións do PXOM sobre o resto de Solo Urbano Non consolidado APR A-4-09 Calvario 6 , unha vez excluída a anterior parcela do ámbito.

En consecuencia, en cumprimento do faio xurisdiccional que declarou a parcial nulidade da aprobación definitiva do PXOM/08 no referente á parcela 12 do polígono 11 daquel proxecto de reparcelación,

procederá incoar a modificación puntual do PXOM vixente, aos efectos de excluir dita parcela da delimitación da «APR A-4-09 Calvario 6» e estudar a incidencia no ámbito dos pronunciamentos que se conteñen nos fundamentos xurídicos das sentenzas de referencia e, de ser o caso, as súas consecuencias a respecto da ordenación prevista nese PERI asumido polo PXOM/08 (cuxas determinacións urbanísticas non foron discutidas nos citados faios xurisdiccionais)."

3. OBXECTIVO XERAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

Establécese, a grandes liñas, o obxectivo xeral que se pretende acadar co desenvolvemento da Modificación Puntual N° 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

OBXECTIVO XERAL

O obxectivo principal da Modificación Puntual figura expresado na resolución de inicio e consiste basicamente en dar cumprimento á sentenza n°. 135/2013, de data 21.02.2013, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª, Sala do Contencioso-Administrativo) relativa á cuestión de ilegalidade n°. 4873/2012 plantexada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n°. 2 de Vigo, derivada da súa sentenza de 31.07.2012, n°. 222/12 nos autos dos P.O. 234/2009 e P.O. 395/2009 (acumulados),

4. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL, DAS PROPOSTAS E DAS SÚAS ALTERNATIVAS

4.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL

A parcela concreta á que fai referencia a sentenza localízase na rúa San Roque n° 124, en Vigo, e se corresponde coa parcela catastral 4255212 NG2745N, cunha superficie segundo catastro de 120 m², un fronte de 8,58 metros e unha profundidade media de 14,075 m. Sobre dita parcela localízase un edificio que consta dunha planta baixa que ocupa toda a superficie da parcela e tres plantas de vivendas de 8,58 metros por unha profundidade media de 10,81 metros, cunha superficie por vivenda de 95 m², agás na primeira planta na que existe unha ocupación da terraza que segundo o IBI é de 13 m² construídos. A superficie total construída é de 418 m²c. Xa que logo, o baixo sobresaí cara atrás uns 3,26 metros da fachada posterior das vivendas. Esta parcela correspóndese coa numerada co número S-12 no Proxecto de parcelación do Polígono n° 11 do PERI do Calvario.

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA

DIRECCIÓN GENERAL DEL CATÁSTRO

Sede Electrónica del Catastro

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES BIENES INMUEBLES DE NATURALEZA URBANA

Municipio de VIGO Provincia de PONTEVEDRA

REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE
4255212NG2745N0001RX

DATOS DEL INMUEBLE

LOCALIZACIÓN:

RU SAN ROQUE 124

36205 VIGO [PONTEVEDRA]

USO LOCAL PRINCIPAL:

Residencial

AÑO CONSTRUCCIÓN:

1966

COEFICIENTE DE PARTICIPACIÓN:

--

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m²):

418

DATOS DE LA FINCA A LA QUE PERTENECE EL INMUEBLE

SITUACIÓN:

RU SAN ROQUE 124

VIGO [PONTEVEDRA]

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m²):

418

SUPERFICIE SUELO (m²):

120

DESCRIPCIÓN:

Parcela construída sin división horizontal

ELEMENTOS DE CONSTRUCCIÓN

Uso	Escalera	Planta	Puerta	Superficie m²
COMERCIO	Y	00	01	120
VIVIENDA	Y	01	01	108
VIVIENDA	Y	02	01	96
VIVIENDA	Y	03	01	96

INFORMACIÓN GRÁFICA

Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos" de la SEC.

524,100 Coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89

Lunes, 25 de Noviembre de 2013


— Límite de Manzana
— Límite de Parcela
— Límite de Construcción
— Mobiliario y aeras
— Límite zona verde
— topografía

Ficha descriptiva e gráfica da parcela catastral obxecto da sentenza

Sitúase grafada na folia 8-N da Cartografía oficial do Concello de Vigo (Plano adxunto na Documentación gráfica do presente Anteproxecto de planeamento), da serie 2 a escala 1/2.000 e na folia 11 da serie 1 a escala 1/5.000.

Ten fronte á Rúa de San Roque polo seu vento Norte e atópase clasificada polo PXOM vixente como Solo Urbano. Non obstante, en canto á categorización de solo, o PXOM categorizou como SOLO URBANO NON CONSOLIDADO unha superficie duns 96 m2 correspondente coa parte do edificio ocupado en plantas altas por vivendas, mentres que considerouse como SOLO URBANO CONSOLIDADO unha superficie de aproximadamente 28 m2, correspondente cos últimos 3,26 m. de fondo do local da planta baixa e a terraza que existe sobre ela.

A parte categorizada como SOLO URBANO NON CONSOLIDADO (SUNC) , incluíuse polo PXOM no ámbito de planeamento remitido APR A-4-09 , con ordenación remitida á Modificación do PERI do Calvario no Polígono nº 11, mentres que a parte incluída no SOLO URBANO CONSOLIDADO (SUC) cualificouse coa Ordenanza 3 de Edificación en Couzada Pechada.



Plano do catastro superposto e fotografía aérea, onde se observa a parcela obxecto da estimación do fallo (en cor vermello).


O ámbito estrito da Modificación Puntual sería dita parcela, non obstante, e tendo en conta, tanto que deberanse estudar, por seguridade xurídica, as parcelas que non sendo obxecto da sentenza puideran estar en situacións similares a ela, como que a decisión que se adopte terá consecuencias sobre a delimitación e ficha de características da APR A-4-09, considérase como ámbito da Modificación Puntual a delimitación do A-4-09, e como ámbito de influencia a totalidade do cuarteirón comprendido entre os seguintes límites:

Norte e Oeste : Rúa San Roque (entre os números 96 e 162 A)

Sur: Rúa Reiseñor (entre o nº 1 e o 15A)


Leste : Avenida Gregorio Espino (entre os números 18 e 34)

Así o ámbito da Modificación abranguerá estritamente a delimitación do APR A-4-09 CALVARIO 6, e como ámbito de influencia toda a couzada, segundo a seguinte ilustración:



Ámbito da Modificación: En cor vermello escuro a parcela obxecto de sentenza , en laranxa escuro: Ámbito estrito da Modificación, e en amarelo o ámbito de influencia.

O ámbito da Modificación Puntual, coincidente coa superficie do APR A-4-09 ten unha superficie de 6.356 m², e xunto a a área de influencia ten unha superficie total de de 11.980 m².



Ámbito da Modificación sobre vista de paxaro : En cor negra a parcela obxecto de sentenza , en vermello o: Ámbito estricto da Modificación,e en laranxao o ámbito de influencia



Situación do ámbito da modificación no Termo municipal de Vigo.


4.2. DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL EN AUSENCIA DE PLANEAMENTO

Neste apartado recóllese a situación actual que se pretende abordar co desenvolvemento da Modificación Puntual, sinalando os condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación de partida no seu ámbito de influencia.

Resulta fundamental realizar unha análise e diagnose da situación do medio previamente ao inicio de calquera establecemento de alternativas de planeamento, tendo claro que soamente unha diagnose detallada dos aspectos ambientais susceptibles de alteración que reflicta a situación preoperacional na que se localiza a modificación puntual, permitirá unha adecuada predicción dos efectos que poidan chegar a producirse.



Situación actual : Vista aérea dende o Sur



Situación actual : Vista aérea dende o Norte



Situación actual : no primeiro plano o edificio obxecto de sentenza

MEDIO FÍSICO

CLIMATOLOXÍA

As variables climatolóxicas propias dunha zona condicionan outros factores como son a dinámica dos contaminantes atmosféricos, a vexetación, a hidroloxía, etc.

A zona conta cun clima oceánico, con transición ao mediterráneo, morno e con escasas xeadas, temperaturas suaves, precipitacións elevadas e certa seca estival.

A orientación da Ría facilita a entrada de ventos do sudoeste de procedencia oceánica, traendo consigo fortes precipitacións e temperaturas suaves.

A temperatura media anual é de 14.8°C, a media de horas de sol anuais de 2.392 horas (con 10 horas/día de media no mes de xullo), e a precipitación media anual sitúase entre os 1.200 e 1.400 mm (Datos climáticos do Observatorio Meteorolóxico de Vigo).

A radiación solar no verán está arredor dos 330 cal/cm² · día, centradas nos meses de xullo e agosto.

RELEVO

Altitudes


O ámbito da modificación é sensiblemente plano, situado a unha altura media de 100 metros sobre o nivel do mar, en cotas entre +97,38 m s.n.m e o 101,75 m s.n.m.

Pendientes

A rúas perimetrais teñen unhas pendentes do 1,20% San Roque, , de 4,5 % Alcalde Gregorio Espino, e do 6% a Rúa Reiseñor. A diferenza de cota entre o exterior e o interior da parcela chega a 3,28 m, cunha pendente do 4,6 %

XEOLOXÍA E LITOLOXÍA

Segundo o 'Mapa de Factores Geolóxicos con Incidencia Constructiva' (escala 1/25.000) elaborado polo Instituto Geológico y Minero de España para a cidade de Vigo" os materiais presentes no ámbito de actuación están constituídos por Paraneises e micoesquistos, todos eles profundamente alterados e con comportamento de solos areosos de apreciable espesor. Nas proximidades polo Oeste (Rúa Colombia) apréciase unha zona de depósitos gravitacionais, ou acúmuñs caóticos de areas-limosas ou asrcillosas. Considérase unha zona apta para cimentacións superficiais, sen grandes restriccións xeolóxicas á construción, aínda que con certa inestabilidade en desmontes e taludes naturais de máis do 40%.



"Mapa de Factores Geolóxicos con Incidencia Constructiva" (escala 1/25.000) elaborado polo Instituto Geológico y Minero de España para a cidade de Vigo"

HIDROLOXÍA

Risco de enchentas

O Plano de risco de enchentas elaborado por Augas de Galicia, clasifica todo o termo municipal de Vigo como de prioridade media. No ámbito non existe ningún curso de auga recoñecido.

MEDIO BIÓTICO

VEXETACIÓN

Trátase dun ámbito fortemente antropizado nun interior de couzada xa construída en gran parte dos seus bordes, no que non se observa máis vexetación que algún resto de hortas e plantas de xardín nalgunha parcela non edificada, e herba e matogueiras e espadañas .



Estrato arbóreo:

No interior da parcela non existen árbores nin arbustos singulares. Unicamente permanecen de anteriores tempos, un castano de porte medio, un limoeiro e un arbusto tipo salgueiro e algúns enredadeiras.



FAUNA

A fauna urbana máis habitual confórmase de especies da fauna silvestre que lograran adaptarse aos cambios provocados polo home sobre o ambiente natural transformado pola cidade.

No interior do ámbito poden atoparse vertebrados, artrópodos e insectos; entre os que se poden citar variados grupos de aves, pequenos mamíferos, cans domésticos, anfibios e reptes, entre outros.

ESPAZOS NATURAIS

No territorio da área de planeamento, non se insire ningún espazo natural incluído na Rede galega de espazos naturais protexidos, Rede Natura 2000 ou Áreas protexidas por instrumentos internacionais, conforme ás categorías incluídas na *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade*, e na *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia*.

MEDIO CULTURAL E ETNOGRÁFICO

PATRIMONIO CULTURAL

Non existe ningún ben catalogado nin inventariado nin se atopa en ningún entorno d eprotección de xacemento arqueolóxico

MEDIO SOCIECONÓMICO

SOCIEDADE E ECONOMÍA

A couzada atópase no núcleo central da cidade , na zona denominada O Calvario, pertencente orixinalmente á parroquia de Lavadores , antigo Concello anexionado ao de Vigo o 16 de abril de 1941.

O Concello de Lavadores naceu coma un concello eminentemente rural e ,co paso do tempo , converteuse nun concello onde vivían moitos dos obreiros que traballaban na industria viguesa. O movemento obreiro tivo un gran desenvolvemento neste barrio , especialmente en Teis e Santa Cristina.

Dos 298.802 habitantes totais do termo municipal de Vigo, segundo censo do 1 de xaneiro de 2011 actualmente viven na parroquia de Lavadores un total de 17.956 habitantes: 8.642 homes e 9.324 mulleres, aínda que este dato exclúe parte da parroquia incluída actualmente no núcleo central.

USOS DO SOLO:

A couzada pertence na actualidade ao núcleo central. No Estudio de Sostibilidade ambiental impacto territorial e paisaxístico encravouse na zona de uso "Tecido urbano continuo", onde se dan usos eminentemente urbanos.

Os edificios edificadas nos bordes destínanse a locais comerciais nos baixos e vivendas nas plantas altas , localizándose tamén a igrexa católica parroquial de San Pablo situada na Rúa san Roque nº 124. No baixo do edificio da Rua San Roque 138, en Solo urbano consolidado e excluído do Polígono 11, existe unha oficina da Seguridade Social do Ministerio de Trabajo.

No interior da couzada os espazos baleiros destínanse actualmente a aparcamento durante o día e os poucos edificios baixos que seguen en pé son obxecto de esporádicas ocupacións ilegais.






Gráfico de Unidades Ambientais do Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico (ESAITP) do PXOM de Vigo:
Cun círculo bermello a localización do ámbito da Modificación Puntual.

SERVIZOS :

O ámbito dispón de tódolos servizos e infraestruturas propios do solo urbano: abastecemento de auga, saneamento , suministro de enerxía eléctrica, alumeado, telefonía e gas natural.




Esquema de abastecimiento: en verde <150 mm, en azul >150 mm, en morado conducción entre depósitos



Esquema de saneamento: en verde: colectores de terceiro orden < 500 mm, en azul colectores de segundo orden <500mm,>1200 mm



Esquema de suministro eléctrico: en azul : liñas de MT existentes , cadrados: transformadores existentes



Esquema de rede de gas: en azul: rede de media presión tipo "A", en verde: rede de media presión tipo "B"

MOBILIDADE:

Cobertura do transporte público

De seguido recóllese a localización das principais liñas de transporte urbano no contorno do ámbito.

A Ruta Circular C-2 Rosalía Castro-Rosalía Castro) pasa actualmente polo borde sur do ámbito (Rúa Reiseñor), cunha frecuencia de 20 minutos.

Na Avenida Alcalde Gregorio Espino (borde leste do ámbito) pasan e paran as liñas 31 (Meixoeiro-Travesía de Vigo) e 23 (Estación de autobuses-Balaidos) , con frecuencias de 20 minutos.

Polas Rúas Pizarro e Urzaiz (a distancias entre 85 e 150 metros) pasan un total de 9 liñas urbanas máis.



Aparcadoiros

Actualmente permítese o aparcamento tanto nas catro rúas perimetrais como nos espazos interiores da couzada, algúns dos cais foron cedidos ao Concello en motivo de licenzas nos borde. Detéctase unha importante ocupación con ese uso nas horas laborais.

MEDIO PERCEPTUAL:

PAISAXE:

Segundo datos do ETSaip do PXOM o ámbito pertence á Unidade Paisaxística Vigo-Cidade , cunha fragilidade moi baixa , e sen restricións para a urbanización.

De feito o cadro de valoración do Ámbito APR A-4-09 é o seguinte:

Táboa 38 do ETSaip do PXOM: Determinación do impacto ambiental:

Clasificación: compatible, Restriccións: Sen restricións

A-4-09	6,464	32,320	5.00	1.00	Compatible	Sen restricións
--------	-------	--------	------	------	------------	-----------------

DESCRIPCIÓN XERAL DOS PROBLEMAS E CONDICIONANTES AMBIENTAIS, ECONÓMICOS E SOCIAIS

Os principais problemas ambientais, económicos e sociais que poden detectarse no ámbito da modificación derívanse da propia inexecución da urbanización desta "illa" rodeada de solo urbano consolidado.

Ambientalmente a situación de ruína e abandono na que se atopa interior da couzada propicia a acumulación de escombros, lixo e matogueiras, ademais da proliferación de parásitos e plagas de certos tipos de aves.

Economicamente, e malia a actual crise do sector inmobiliario, a inexecución do interior da couzada supuxo un agravio comparativo entre os propietarios das parcelas interiores que non poideron nrexecitar os seus dereitos, fronte aos propietarios de parcelas perimetrais as rúas que edificaron no stemplos anteriores.

E, finalmente, dende o punto de vista social a execución da urbanización interior permitirá a creación dun espazo público seguro, iluminado e accesible e a solución dos problemas de marxinalidade actuais,

4.3. FUNCIÓN DO PLANEAMENTO RESPECTO DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Tal e como esixe o artigo 94.1 da LOUG, calquera modificación puntual do planeamento xeral deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

O interese público no caso que nos ocupa é incuestionable, xa que se trata da execución dunha sentenza xudicial, que obriga ao Concello de Vigo a corrixir a categorización de solo da parcela de San Roque nº 124, pasándoa de Solo Urbano non consolidado a Solo Urbano Consolidado.

A alteración da categorización de solo urbano, pasando de non consolidado a consolidado, como se esixe na sentenza no referente á parcela da Rúa san Roque nº 124, é unha modificación que unicamente pode ser abordada a través dunha Modificación Puntual de Planeamento Xeral, tendo en conta que a categorización de solo é unha determinación propia do PXOM, segundo dispón o artigo 12 da LOUGA. Igualmente esta vía é a única para corrixir a delimitación e as determinacións do PXOM sobre o resto de Solo Urbano Non consolidado APR A-4-09 Calvario 6, unha vez excluída a anterior parcela do ámbito.

Con todo, aínda que podería considerarse alterada a categorización da parcela de referencia en virtude do faio da sentenza do TSXG estimatoria da cuestión de ilegalidade antes citada, o certo é que a situación xerada polo dita sentenza esixe que deba abordarse tamén a súa cualificación, dotandoa da ordenación detallada que proceda de acordo co interese xeral, mediante a asignación dunha ordenanza de aplicación. E, así mesmo, deberán precisarse por economía procedimental e coherencia os efectos que conleva a exclusión da dita parcela do ámbito da APR A-4-09 CALVARIO 6 sobre o resto de terreos incluídos dentro del polo PXOM como Solo Urbano non Consolidado. En todo caso, non pode obviarse que a propia sentenza do TSXG reconece que o faio afecta á delimitación do ámbito da APR A-4-09 CALVARIO 6 o que esixe o estudo da situación que a dita exclusión ocasiona na ordenación, aproveitamentos, cumprimento de estándares, etc.

Ademais, na modificación puntual operada debe procurarse a maior seguridade xurídica da ulterior xestión do planeamento o que esixe valorar a situación doutras parcelas cuxas condicións obxectivas de desenvolvemento, situación e grao de urbanización poden ser idénticas ás da excluída.

A errónea categorización de solo en dita parcela, que pon de manifesto a sentenza, non pode considerarse un simple "erro material", ostensible, manifesto, indiscutible, evidente por sí mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e susceptible de ser subsanado ou rectificado en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, segundo o previsto no artigo 105.2 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro* (LRXAP-PAC).

Requirírase dunha reflexión sobre a categorización como consolidado ou non consolidado no ámbito, en base ao disposto no artigo 12 da LOUGA, así como aos fundamentos xurídicos e xurisprudencia citados nas sentenzas de que trae causa, ao respecto da parcela 12 do Proxecto de reparcelación do Polígono nº 11 do PERI do Calvario, así como y en verbas da sentenza 00135/2013 do TSXG : *"...como en lo que respecta a la ordenación de dicho ámbito de suelo urbano no consolidado APR A-4-09 Calvario 6, incorporada y asumida pore el PGOM de 2008 y que se ve necesariamente afectada por la obligada exclusión de ese ámbito de la parcela actora"*.

4.4. ALTERNATIVAS AVALIADAS NO PROCESO PLANIFICADOR

Para acadar o obxectivo poden existir diversas opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. As alternativas máis viables defínense coa precisión necesaria para permitir a súa valoración e, ao mesmo tempo, deben ser o suficientemente sintéticas para facer operativo o proceso.

ALTERNATIVA CERO


A alternativa cero, que suporía a non realización da Modificación Puntual Nº 10 do PXOM de Vigo, non é viable, dado que o obxecto desta modificación é dar cumprimento á referida sentenza do TSXG.

ALTERNATIVAS AVALIADAS

Dentro das posibles modificacións posibles vamos a estudar inicialmente dúas: excluír do Solo Urbano non consolidado unicamente a parcela obxecto da sentenza (parcelas de San Roque nº 124); ou excluír, ademais outras parcelas, que non figurando citada na sentenza, presentan as mesmas circunstancias que aquela, no senso citado na sentenza:

- a) Inclusión parcial nunha e outra categoría de solo (Unidade física, rexistral, catastral e construtiva).
- b) Consideración, nun momento anterior, como solar edificable, obtención de licenzas e participación nun anterior proceso de equidistribución e/ou urbanización.
- c) Ausencia da previsión dunha transformación urbanística e ordenación substancialmente diferente en relación coa realidade física (art. 12.b da LOUGA).


Partimos da base de que vanse a manter, no posible, os criterios de ordenación detallada asumidos polo PXOM e a edificabilidade bruta para o ámbito, e que o resto dos parámetros só se modifican no que lles afecte a redución da superficie, en canto o axustado equilibrio de beneficios e cargas e viabilidade económica, que necesariamente deberán comprobarse para o ámbito de Solo urbano non consolidado que deberá executarse dunha forma sistemática.



Ordenación detallada do Polígono 11 do Calvario (Segundo a Modificación Puntual aprobada o 12/09/2005) , asumido polo PXOM de Vigo na ficha do APR A-4-09: En azul as parcelas incluídas no Polígono e en vermello as parcelas consolidadas excluídas.

Alternativa un

Modificar a categorización de solo da parcela da rúa San Roque nº 124 (parcela catastral 4255212 NG2745N), se ben, en realidade afectaría a 96 m² dos 120 m² que figuran no PXOM categorizados como Solo Urbano Non Consolidado (SUNC) e que pasarían a ter a condición de Solo Urbano Consolidado (SUC)



Alternativa un.

Avaliación:

Utilizando datos da ficha do APR A-4-09 do PXOM, a exclusión desa única parcela no ámbito tendría, a priori, as seguintes consecuencias:

-A superficie delimitada como APR-A-4-09 redúcese en 96 m².

Nova superficie delimitada : 6.356 m² – 96 m² = 6.260 m².

-A superficie computable para o aproveitamento tipo, reduciríase igualmente a:

5.054 m² – 96 m² = 4.958 m²

-A superficie total edificable debe reducirse restando a edificabilidade prevista no sólido S-12 , que é de 346,93 m² , resultando: 17.930 m²c – 347 m²c = 17.583 m²c .

-O índice de edificabilidade bruta da ficha resultaría 17.583 m²c / 6.260 m²s = 2,8087 m²c/m²s (fronte aos 2,8281 m²c/m²s que figuran na ficha actual do PXOM)

- O aproveitamento tipo pasa de 3,548 m²c utc/ms a 17.583 m²c utc/ 4.958 m²s = 3,546 m²c utc/m²s.

- A solución, xa que logo, reduciría moi levemente (en torno a un 1%) o aproveitamento tipo do resto dos propietarios, aínda que sí incrementaría as cargas de urbanización, xa que os mesmos gastos de urbanización repartiríanse entre menos propietarios. Na estimación efectuada no proxecto de reparcelación e no cálculo de cuotas, pódese concluírse que a modificación incrementaría en torno ao 2% as cuotas de urbanización por propietario.


- Esta alternativa podería crear agravios comparativos con parcelas similares á excluída con motivo da sentenza que non sería obxecto do mesmo trato.

Alternativa dous

Modificar a categorización de solo da parcela da rúa San Roque nº 124 (parcela catastral 4255212 NG2745N), ademais daquelas outras en situacións similares á dita parcela.

Inicialmente, e pendente dun estudo máis aquelado, considéranse parcelas excluibles da categoría de solo urbano consolidado as seguintes:

Nº	direccion	REF.CATASTRAL	SUP.PARCELA	SOLIDO	EDIF. m2c	CATEG. PARCIAL	ANTERIOR LICENZA	REALDADE FISICA
1	San Roque 112	4255209 NG2745N	145	S-10 (PARC)	870	NON	RUINA	SI
4	San Roque 106	4255206 NG2745N	87	S-9	533,07	NON	NON	SI
6	San Roque 102	4255204 NG2745N	101	S-8	581,62	NON	SI	SI
7	San Roque 100	4255203 NG2745N	190	S-7	1.072,28	NON	SI	SI
8	San Roque 98	4255202 NG2745N	112	S-6	660,41	NON	SI	SI
12	San Roque 124	4255212 NG2745N (parcial)	96	S-12	312,24	SI	SI	SI
34	Gregorio Espino 20	4255234 NG2745N	182	S-13	1.157,30	NON	SI	SI
37	Gregorio Espino 26	4255237 NG2745N	92	S-2	944	NON	SI	SI
38	Gregorio Espino 28	4255238 NG2745N	98	S-3	798,27	NON	SI	SI
39	Gregorio Espino 30	4255239 NG2745N	100	S-4	925,65	NON	SI	SI
			1203		7.854,84	NON	SI	SI



Alternativa dous.

Avaliación:

Utilizando igualmente os datos da ficha do APR A-4-09 do PXOM, a exclusión desas 10 parcelas do ámbito tendrían, *a priori*, as seguintes consecuencias:

-A superficie delimitada como APR-A-4-09 redúcese en 1.203 m².

Nova superficie delimitada : 6.356 m² – 1.203 m² = 5.153 m².

-A superficie computable para o aproveitamento tipo, reduciríase igualmente a :

5.054 m² – 1.203 m² = 3.851 m²

-A superficie total edificable debe reducirse restando a edificabilidade prevista nos sólidos proxectados na ordenación detallada sobre ditas parcelas , que é de 7.855 m²c , resultando : 17.930 m²c – 7.855 m²c = 10.075 m²c .

-O índice de edificabilidade bruta da ficha resultaría 10.075 m²c / 5.153 m²s = 1,955 m²c/m²s (fronte aos 2,8281 m²c/m²s que figura na ficha actual do PXOM)

- O aproveitamento tipo pasa de 3,548 m²c utc/ms a: 10.075 m²c utc/ 3.851 m²s = 2,616 m²c utc/m²s.

- A conclusión é que esta alternativa reduce o índice de edificabilidade do ámbito e o aproveitamento tipo dos propietarios nun 26%, pero reducindo tamén os gastos de urbanización dunha forma substancial, en torno a un 60%, debido a redución dos seguintes conceptos, correspondentes ás parcelas 1, 4, 6, 7, 8, 12, 34, 37, 38 e 39, segundo datos do proxecto de reparcelación anulado:

Indemnizacións por ceses de arrendamentos: Redúcese de 417.065,31 € a 154.306,12 €

Custo de demolicións de edificacións incompatibles: Pasa de 546.001,50 € a 210.533,40 €

Indemnización por perda patrimonial de edificacións: Pasa de 1.353.472,57 € e a 322.677,76 €

Indemnizacións por aproveitamentos excedentarios: Pasa de 383.926,83 € a 0 €

En total os gastos de urbanización estimados pasarían de 3.734.206,07 € a 1.436.223,57 € , o que supón unha ratio, que pasaría dos 28,26 € por m² edificable da solución inicial a 142,55 €/ m²c .

A conclusión inicial, a falta dun estudo máis preciso que se levará a cabo no expediente, é que esta alternativa se ben produciría unha diminución de beneficios no ámbito en solo urbano non consolidado tamén orixina unha substancial redución das cargas de urbanización. Non obstante no expediente exploráranse outras solucións tanto de delimitación precisa da área de reparto, conveniencia da modificación da ordenación detallada, tanto no solo urbano consolidado como non consolidado, ou medidas de xestión que garantan a viabilidade económica e o equilibrio entre as áreas de reparto do PXOM.

5. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLANEAMENTO

A Modificación Puntual N° 10 do PXOM de Vigo, unha vez establecida a diagnose sobre as oportunidades e problemas do ámbito, deberá plantexar unha estratexia de intervención que identifique os aspectos territoriais e ambientais fundamentais, e que desenvolva as propostas necesarias para potenciar os recursos territoriais, así como abordar a solución dos conflitos identificados.

O procedemento de aprobación desta Modificación puntual de planeamento xeral, aínda que de contido limitado, someterase ás determinacións esixibles no artigo 93.4 e, por remisión, ao artigo 85 da LOUG, é dicir, ao mesmo procedemento que para a súa aprobación, coa integración dende o seu inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Aprobada inicialmente a Modificación polo Concello someterase a un período de información pública e consultas medioambientais, durante o que, de ser o caso, se solicitarán os informes sectoriais preceptivos. Finalizado dito prazo e remitido, no seu caso, ao órgano ambiental, elaborárase o documento para aprobación provisional polo Pleno do Concello.

A aprobación definitiva da Modificación do PXOM corresponderalle ao Conselleiro competente en materia de urbanismo, actualmente Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. A publicación do acordo no DOG, e da normativa no BOP determinará a eficacia do acordo de aprobación e a entrada en vigor da nova ordenación.

6. APROXIMACIÓN AOS EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

O proceso avaliador que se describe ten como obxectivo final complementar os resultados do planeamento ao que asiste, incorporando criterios ambientais que permitan, por unha parte, aumentar a sostibilidade das propostas e, por outra, reducir os efectos ambientais negativos, medidos en consumos e emisións, sobre o medio, tanto a escala local como global.

Polo tanto, os obxectivos deste epígrafe son a identificación e a avaliación de cada un dos efectos ambientais previsibles que pode xerar o desenvolvemento da Modificación Puntual Nº 10 do PXOM de Vigo. As características naturais, a magnitude e a importancia dos efectos ambientais do desenvolvemento da Modificación, son as ferramentas que permiten propoñer as medidas de prevención, redución ou eliminación dos mesmos.

6.1. EFECTOS SOBRE A BIODIVERSIDADE

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.2. EFECTOS SOBRE A POBOACIÓN

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.3. EFECTOS SOBRE A SAÚDE HUMANA

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.4. EFECTOS SOBRE A FAUNA

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como non consolidado).

6.5. EFECTOS SOBRE O SOLO

En relación a esta variable o efecto previsible non é máis que o cambio na clasificación e categoría do solo nas parcelas cuxa ordenación resulte modificada, de solo urbano non consolidado a consolidado o que se traduciría previsiblemente no acortamento dos prazos de transformación. Non en tanto, no suposto de parcelas xa consolidadas pola edificación que pasen á condición de solo urbano consolidado e para as que non se prevera un incremento significativo do aproveitamento materializable, previsiblemente non se producirá maior transformación do solo.

Ademais, como xa se indicou con anterioridade, no caso de que como resultado do estudo da situación xerada, mediata e inmediatamente, polo faio xudicial que se executa, se modifícase o ámbito da APR A-4-09, produciríanse previsiblemente modificacións en canto ás condicións de desenvolvemento e aproveitamento, unha vez modificado.

6.6. EFECTOS SOBRE A AUGA

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.7. EFECTOS SOBRE O AIRE

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.8. EFECTOS SOBRE OS FACTORES CLIMÁTICOS

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.9. EFECTOS SOBRE OS BENS MATERIAIS

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.10. EFECTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

6.11. EFECTOS SOBRE A PAISAXE

Non se prevén efectos sobre esta variable, derivados da Modificación Puntual que se pretende, respecto da situación de partida (clasificación do solo como urbano non consolidado).

7. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO, E A PLANIFICACIÓN SECTORIAL E TERRITORIAL IMPLICADA

EFECTOS PREVISIBLES SOBRE OS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO

Non existen efectos previsibles sobre elementos estratéxicos do territorio.

RELACIÓN COS PLANS, PROGRAMAS E ESTRATEXIAS VIXENTES OU EN PROCESO DE ELABORACIÓN OU REVISIÓN

Neste apartado inclúese a relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que poden afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.

PLANIFICACIÓN NO EIDO EUROPEO

Estratexia territorial europea

Constitúe un marco de orientación para as políticas sectoriais con repercusións territoriais da Comunidade e dos Estados membros, así como para as autoridades rexionais e locais, co fin de acadar un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio europeo. Os seus obxectivos fundamentais son a cohesión económica e social, a conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural, e a competitividade máis equilibrada do territorio europeo.

PLANIFICACIÓN NO EIDO ESTATAL

Estratexia de desenvolvemento sustentable

O principio xeral desta estratexia consiste en determinar as medidas que permitan mellorar continuamente a calidade de vida para as xeracións actuais e futuras mediante a creación de comunidades capaces de xestionar e empregar os recursos de forma eficiente, garantindo a prosperidade, a protección do medio e a cohesión social. Estúdanse sete áreas prioritarias: cambio climático e enerxías, transporte, produción e consumo sustentables, retos para a saúde pública, xestión de recursos naturais, inclusión social, demografía e, migración e loita contra a pobreza.

Estratexia española de ambiente urbano

Realiza unha diagnose particularizada das causas e tendencias que xustifican a necesidade de actuación en cada un dos ámbitos da estrutura urbana abordados nela: urbanismo, mobilidade, edificación, xestión urbana e as relacións entre o mundo rural e urbano. En cada un deles establece uns obxectivos específicos cara aos que dirixir as actuacións.

PLANIFICACIÓN NO EIDO AUTONÓMICO

Directrices de ordenación do territorio (DOT)

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas definitivamente o 10 de febreiro de 2011, mediante Decreto 19/2011 da Xunta de Galicia, teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As propostas e determinacións das DOT pretenden definir unha senda a seguir e trazar un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sostibilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia.

Plan de ordenación do litoral (POL)

Ten por obxectivo establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

No POL, aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011, mediante Decreto 20/2011 da Xunta de Galicia, Vigo é considerada unha Unidade de Paisaxe e Núcleo de Identidade do Litoral.

Na Normativa do POL especificase, no seu artigo 3 que *"Non será de aplicación na parte do termo municipal non incluído na citada delimitación, nin nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel. Tampouco o será naqueles solos que á entrada en vigor deste Plan finalizaran a tramitación do instrumento de xestión"*.

Pode afirmarse que non é de aplicación o POL a este ámbito obxecto de Modificación.

8. MARCO NORMATIVO

De seguido incorpórase a lexislación que da amparo ao planeamento e a principal lexislación que lle afecta.

URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Marco europeo:

- *Carta europea de Ordenación del territorio*, aprobada o 20 de maio de 1983 en Torremolinos.
- Principios directores para o Desenrolo territorial sustentable do continente europeo, adoptados en Hannover en 2000.
- Declaración de Lisboa sobre "Redes para o desenrolo territorial sostible do continente europeo: Pontes a través de Europa", adoptada en Lisboa o 27 de outubro de 2006.
- Declaración de Liubiana sobre a Dimensión territorial do desenrolo sustentable, de 2003.
- Ditame sobre a Comunicación da Comisión relativa á cooperación para a ordenación do territorio europeo – Europa 2000 + (DOCCE 02/04/1996).
- Resolución sobre unha política comunitaria de ordenación do territorio: Europa 2000 (DOCCE 02/11/1992).

Marco estatal:

- Real Decreto Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (BOE 26/06/2008).
- Real Decreto 2158/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenrolo e aplicación da Lei sobre Réxime do solo e ordenación urbana.
- Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística Planeamento para o desenrolo e aplicación da Lei sobre Réxime do solo e ordenación urbana.

Marco autonómico:

- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na súa redacción actual derivada das modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro (DOG 31/12/2004), a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008), e a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación territorial de Galicia (DOG 05/12/1995).
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOG 22/02/2011).
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (DOG 23/02/2011).

Marco local:

- Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, aprobado definitiva e parcialmente por Orde da Conselleira da CPTOPT do 16/05/2008 e Orde do Conselleiro da CMATL do 13/07/2009 de cumprimento da Orde da Conselleira da CPTOPT do 16/05/2008.

AVALIACIÓN, RESPONSABILIDADE E ACCESO Á INFORMACIÓN AMBIENTAL

Marco europeo:

- Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en asuntos ambientais, firmada o 25 de xuño de 1998, ratificada o 29 de decembro de 2004 (DOUE 17/05/2005).
- Directiva 2004/35/CE, do 21 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais (DOUE do 30/04/2004).
- Directiva 2003/35/CE, do 26 de maio, pola que se establecen as medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e o acceso á xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do

Consello (DOCE 25/06/2003).

- Directiva 2003/04/CE, do 28 de xaneiro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso ao público da información medioambiental e pola que se deroga a Directiva 90/313/CEE do Consello (DOCE do 14/02/2003).
- Directiva 2001/42/CE, do 27 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (DOCE 21/07/2001).
- Decisión 1411/2001/CE, do 27 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello relativa a un marco comunitario de cooperación para o desenvolvemento sostible no medio urbano (DOCE 13/07/2001).

Marco estatal:

- Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade medioambiental (BOE 24/10/2007).
- Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os Dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (BOE 19/07/2006).
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE 29/04/2006).
- Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento parcial da Lei 26/2007 (BOE 23/12/2008).

Marco autonómico:

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación territorial de Galicia (DOG 05/12/1995).
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOG 22/02/2011).
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (DOG 23/02/2011).

Marco local:

- Ordenanzas xerais de Protección do medio ambiente do Concello de Vigo aprobadas por acordo do Pleno de 26/05/1994 (BOP 18/11/1994), modificadas mediante acordo do Pleno 26/05/2008 (BOP 11/12/2008).

PROTECCIÓN DA NATUREZA E PAISAXE

Marco europeo:

- Convenio europeo da paisaxe (número 176 do Consello de Europa), feito en Florencia o 20 de outubro de 2000 e instrumento de ratificación do Estado español (BOE 5/2/2008).
- Decisión 93/626/CEE, do 25 de outubro, do Consello relativa á celebración do Convenio sobre a

diversidade biolóxica (DOUE 13/12/1993).

▪Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, do Consello relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (DOUE 22/07/1992).

Marco estatal:

▪Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade (BOE 14/12/2007).

▪Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (BOE 2/12/2006).

▪Real Decreto 1193/1998, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (BOE 25/06/1998).

▪Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres (BOE 28/12/1995).

Marco autonómico:

▪Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (DOG 18/07/2008).

▪Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (BOE 25/09/2001).

▪Decreto 67/2007, do 22 de maio, polo que se regula o catálogo galego de árbores singulares (DOG 17/04/2007).

▪Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais (DOG 12/04/2004).

▪Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de espacio natural en réxime de protección xeral (DOG 01/06/1989).

RESIDUOS:

Marco europeo:

▪Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello sobre os residuos (DOUE 22/11/2008).

▪Directiva 1999/31/CE, do 26 de abril, do Consello relativa á vertedura de residuos (DOUE 16/07/1999).

▪Directiva 1994/62/CE, do 20 de decembro, do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos envases e os residuos (DOCE 31/12/1994); modificada pola Directiva 2004/12/CE, do 11 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE 18/02/2004) e pola Directiva 2005/20/CE, do 9 de marzo, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE 16/03/2005).

▪Regulamento (CE) 1013/2006, do 14 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao traslado de residuos (DOUE 12/07/2006); modificado pola Directiva 2009/31/CE do 23 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao almacenamento xeolóxico do dióxido de carbono (DOUE 05/06/2009).

Marco estatal:

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (BOE 29/07/2011).
- Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición (BOE 13/02/2008).
- Real Decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento da execución da Lei 20/1986, do 14 de maio (BOE 05/07/1997).
- Real Decreto 833/1988, do 20 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos (BOE 30/07/1988).

Marco autonómico:

- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia (BOE 6/12/2008).
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos (DO 24/03/2009).
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia (DOG 29/06/2005).

ATMÓSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Marco europeo:

- Regulamento (CE) 1005/2009, do 16 de setembro, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as substancias que esgotan a capa de ozono (DOUE 31/10/2009).
- Decisión 406/2009/CE, do 23 de abril, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o esforzo dos Estados membros para reducir as súas emisións de gases efecto invernadoiro a fin de cumprir os compromisos adquiridos pola Comunidade ata 2020 (DOUE 05/06/2009).
- Directiva 2008/01/CE, do 15 de xaneiro, do Parlamento Europeo e do Consello relativa á prevención e ao control integrados da contaminación (DOUE 29/01/2008).
- Directiva 2008/50/CE, do 21 de maio, do Parlamento Europeo e do Consello relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa (DOUE 11/06/2008).
- Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de decembro de 2005, relativa ao arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente (DOUE 26/01/2005).
- Directiva 2002/3/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2002, relativa ao ozono no aire ambiente (DOUE 09/03/2002).
- Directiva 2000/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de novembro de 2000, sobre os valores límite para o benceno e o monóxido de carbono no aire ambiente (DOUE 13/12/2000).
- Directiva 1999/30/CE, do 22 de abril, do Consello relativa aos valores límite de dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno e óxidos de nitróxeno, partículas e chumbo no aire ambiente, (DOUE 29/06/1999); modificada pola Decisión da Comisión 2001/744/CE, de 17 de outubro (DOUE 23/10/2001).
- Directiva 96/62/CE, do 27 de setembro, do Consello sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente (DOCE 21/11/1996); modificada polo Regulamento (CE) 1882/2003, do 29 de setembro, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE 31/10/2003).

Marco estatal:

- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera (BOE 16/11/2007).
- Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire (BOE 29/01/2011).
- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a Relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados (BOE 18/01/2005).

Marco autonómico:

- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia (BOE 21/01/2003).
- Orde do 3 de novembro de 2010 pola que se regula o outorgamento da autorización de gases de efecto invernadoiro, a considerar como instalación de baixas emisións e a solicitude de exclusión de instalacións de pequeno tamaño para o período 2013-2020 (DOG 10/11/2010).
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia (DOG 10/02/1995).

CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Marco europeo:

- Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental (DOCE 18/07/2002).

Marco estatal:

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (BOE 18/11/2003).
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, pola que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (BOE 23/10/2007).
- Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, pola que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental (BOE 17/12/2005).

Marco local:

- Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruído e vibracións, e declaración de zonas acusticamente saturadas (ZAS) (BOP 16/10/2000 e 10/04/2008).

CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

Marco europeo:

- Resolución do Parlamento Europeo sobre as Consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos do 2 de abril de 2009.

Marco estatal:

- Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de telecomunicacións (BOE 04/11/2003).
- Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as

Condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas (BOE 29/09/2001).

Marco local:

▪ Ordenanza reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación no termo municipal de Vigo, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 26/02/2001 (BOP 05/04/2001; BOP 11/05/2001).

PATRIMONIO

Marco estatal:

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas (BOE 04/11/2003).
- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español (BOE 28/06/1985).
- Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985 (BOE 27/01/1986).

Marco autonómico:

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (BOE 1/12/1995).
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia (DOG 23/10/2008).

En Vigo, a 20 de decembro de 2013:

O ARQUITECTO MUNICIPAL,
DA OFICINA DE PLANEAMENTO E XESTIÓN

A TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL
DA OFICINA DE PLANEAMENTO-XESTIÓN

Asdo.: Antonio Alonso Fernández

Asdo.: Lorena López Rodríguez


ANEXOS

**AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA
ANTEPROXECTO DE PLANEAMIENTO**

DECEMBRO 2013

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

ANEXO 1: Ficha urbanística do ámbito de planeamento remitido APR A-4-09
CALVARIO 6 do PXOM vixente





PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO
NOVEMBRO 2007

FICHA ÁMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO

NOME: CALVARIO 6 DISTRITO: 4 CLAVE: A-4-09 Páx 1
DILIXENCIA: Por autorización de data 29/12/2007, légo constar que se presenta documento final para a Revisión do PXOM do Concello de Vigo, obxecto de nova aprobación provisional no acordo plenario de 29/12/2007, e no mesmo este documento téñase na documentación que se somete á COTO da Xunta de Galicia, a efectos de sinalado no art. 85.5 da Lei gallega 9/2002.

Vigo, 2 de xaneiro de 2008
A AUXILIAR EDVA.

Margarita Gesto Ramos

1. SUPERFICIES

Superficie Delimitada

Sistemas Locais

Existentes

Verde:

Equipamento/Infraestructuras:

Viarío:

1.302

Sistemas Xerais Incluídos

Existentes

Verde:

Equipamento/Infraestructuras:

Transporte principal:

Viarío estruturante:

Sistemas Xerais Adscritos

Verde:

Equipamento:

Transporte principal:

Viarío estruturante:

Propostos

Propostos

Superficie Computable para o Aproveitamento Tipo

5.054 m²

2. USOS E INTENSIDADES

Cumprimento do Art.55.2

Superficie Total edificable

17.930

m²c

Índice de Edificabilidade Bruta

2,821

m²c/m²s

Uso:

Tipoloxías edificatorias:

Ordenzas de referencia:

RESIDENCIAL

A, B, C, G

3, 4, 6

Altura Máxima

10

Andares

3. CONDICIÓN DE EQUIDISTRIBUCIÓN

Cumprimento do Art.113

Uso global característico:

Máx:

Min:

Coef (G):

RESIDENCIAL

100

1,000

Tipoloxía edificatoria Característica

A

Aproveitamento Tipo (AT)

3,548

m²c/m²s

CONSTITÚE UN ÁREA DE REPARTO

CONSULTORA GALEGA S.L.

DOCUMENTO DE XESTIÓN E EXECUCIÓN

DILIXENCIA: Por autorización de data 29/12/2007, fago constar que o presente documento forma parte do expediente de Revisión do PXOM do Concello de Vigo, obxecto de nova aprobación provisional no acordo plenario de 29/12/2007. Así mesmo este documento é parte da documentación que se somete á COTOPT da Xunta de Galicia, a efectos de finalado no art. 84.5 da Lei galega 9/2006.

NOME: CALVARIO 6

4. DESENVOLVEMENTO E XESTIÓN

Iniciativa da formulación do planeamento

PRIVADA

Sistema de actuación

COOPERACIÓN

Prazos de desenvolvemento

ACTUACIÓN EN MARCHA

Vigo, 2 de xaneiro de 2008

A AUXILIAR ADVAN

Mergerita Soto Ramos

5. RESERVAS MÍNIMAS PARA SISTEMAS LOCAIS

Verde: m² de solo

Equipamento: m² de solo

Aparcamientos públicos: 13 Nº Plazas

6. SISTEMAS XERAIS

6.A RESERVAS DE SOLO

6.B IMPUTACIÓN DE CONEXIÓNS, AMPLIACIÓNS OU REFORZOS

Sistema	Nome	Imputación
SUBSISTEMAS DE DISTRIBUCIÓN DE SANEAMENTO DE PLUVIAIS		
SX/IN-SU/PL2/28.001	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.002	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.003	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.004	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.005	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.006	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.007	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%
SX/IN-SU/PL2/28.008	COLECTOR DE PLUVIAIS	0,769%

7. CARGAS URBANÍSTICAS ESPECÍFICAS

8. OBXETIVOS DE PLANEAMENTO E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

- A ordenación deste ámbito remítese ao documento de modificación do polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de Outubro de 2005, integramente asumido polo Plan Xeral

9. OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

- O planeamento de desenvolvemento derivado do plan xeral deberá someterse á avaliación ambiental estratéxica (AAE) segundo a Lei 9/2006, Lei 6/2007 de medidas urxentes e o artigo 4.0.3. Das NN.UU. do Plan Xeral, incluíndo a avaliación acústica e electromagnética.

Requirirase informe favorable de Augas de Galicia sobre garantías de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais.

- Non se prevé a reserva de edificabilidade residencial suxeita a algún réxime de protección (VPA) no ámbito toda vez que a súa ordenación remítese a un planeamento con procesos de desenvolvemento xa aprobado que, en todo caso, ten asumido o Plan Xeral.

Xa que logo, estarase ao disposto no artigo 55.3 da Lei 9/2002 no conxunto do Distrito

- Este ámbito conta con proxecto de reparcelación aprobado inicialmente na Xunta de Goberno Local do 26 de Decembro de 2005.

AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA

ANEXO 2: Reportaxe fotográfica



Vistas da confluencia Rúa San Roque con Rúa Colombia



Edificación na Rúa san Roque



Esquina Rúa Colombia con Rua Reñeñor



Frente do límite sur pola Rúa Reñeñor



Fachadas cara ao leste : Rúa Alcalde Gregorio Espino



Accesos ao interior da cousada desde a Rúa San Roque



Accesos ao interior da cousada desde a Rúa San Roque e rúa Reixón: acceso posterior oficina parroquial



Vistas dos accesos ao interior da cousada desde a Rúa Reixón



Vistas do interior da couzada: Almacenamento de lixo



Vista do interior da couzada: Restos vexetais e hortas



Vista do interior da couzada: Restos de hortas e xardíns e vivendas semiderruídas con ocupacións.

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

**AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA
ANTEPROXECTO DE PLANEAMIENTO**

DECEMBRO 2013

ANEXO 3. Resolución de 11 de febreiro de 2014, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia sobre non necesidade de avaliación ambiental estratéxica.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Concello de Vigo

A/At. Sr. alcalde

Praza do Rei, 1

36202 Vigo (Pontevedra)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/02/2014 13:29:14

SAÍDA 2423 / RX 131519



OFICIO

DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación puntual nº 10 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6

Órgano promotor: Concello de Vigo

Expediente: 2014AAE1666

Código Web: 1609/2014

Achégolle unha copia compulsada da decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa á Modificación puntual nº 10 do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6, Concello de Vigo (Pontevedra).

Remítolle tamén unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento de inicio (DI) e que corresponden aos seguintes organismos:

- Augas de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Carlos Calzadilla Bouzón

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación puntual nº 10 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6

Órgano promotor: Concello de Vigo

Expediente: 2014AAE1666

ANTECEDENTES

1. Con data do 15.01.2014 tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, un escrito da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo no que comunica o inicio da tramitación da *Modificación puntual nº 10 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6* (en diante, MP), e achega o documento de inicio co fin de que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (no sucesivo, AAE).

2. Como paso previo para adoptar a decisión sobre o sometemento desta MP ao procedemento de AAE, o documento de inicio foi exposto ao público na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por un prazo de vinte días naturais, que finalizou o 5.02.2014. Ao mesmo tempo, consultáronse o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e outras Administracións públicas.

3. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente de forma parcial condicionada o 16.05.2008 por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte (CPTOPT). O día 13.07.2009 o Conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre a aprobación definitiva do PXOM de Vigo.

A anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade de someter o dito PXOM ao procedemento de AAE mediante Resolución do 28.03.2008.

4. Na categoría de solo urbano non consolidado, o PXOM de Vigo delimitou o ámbito de planeamento remitido APR-4-09 Calvario 6, situado entre as rúas San Roque, avenida Alcalde Gregorio Espiño e Reiseñor. O 12.09.2005 aprobouse definitivamente a Modificación puntual do PERI do Calvario, en canto á delimitación do seu polígono nº 11. Os Proxectos de reparcelación e de urbanización deste polígono foron aprobados o 7.10.2008 e o 22.06.2009 respectivamente. O 12.04.2010 e o 7.07.2010 a Xunta de Goberno Local adoptou acordos de aprobación de operacións xurídicas complementarias requiridas polo Rexistro de Propiedade para a inscrición do Proxecto de reparcelación.

O día 31.07.2012, o Xulgado do Contencioso – Administrativo nº 2 de Vigo ditou a sentenza nº 222/12 anulando os ditos acordos de aprobación definitiva do Proxecto de reparcelación, de urbanización, de aprobación de operación xurídica complementaria do 22.06.2010 e de rectificación da dita aprobación de operación xurídica complementaria do 19.07.2010.

5. O día 18.10.2012, o Xulgado do Contencioso – Administrativo nº 2 de Vigo ditou Auto formulando a cuestión de ilegalidade perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) respecto da inclusión do inmovible sito na rúa San Roque nº 124 no ámbito da APR A-4-09 por considerar o dito Xulgado que a clasificación e categorización que debiera corresponder a esta parcela sería a de solo urbano consolidado.

Santiago.

27 FEB. 2014





O día 21.02.2013, o TSXG ditou a sentenza nº 135/2013 na cuestión de ilegalidade nº 4873/2012 formulada polo Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 2 de Vigo, anulando parcialmente a Orde da CPTOPT do 16.05.2008 no extremo relativo á indebida inclusión de parte do inmoible sito no nº 124 da rúa San Roque no ámbito de solo urbano non consolidado APR A-4-09 Calvario 6, incorporada e asumida polo PXOM cuxa delimitación vese necesariamente afectada pola obrigada exclusión de dita parcela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico a AAE que regula a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia indica no seu artigo 5.e) que as modificacións de calquera dos instrumentos de planeamento urbanístico deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustarase aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril.
3. O artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sinala que, como paso previo para adoptar a decisión mencionada no punto anterior, se deberán consultar polo menos as administracións públicas afectadas.
4. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da Modificación

Obxecto: Dar cumprimento á sentenza nº 135/2013 do 21.02.2013 do TSXG relativa á cuestión de ilegalidade nº 4873/2012 formulada polo Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 2 de Vigo, para alterar a categorización de parte dunha parcela de solo urbano, pasando de non consolidado a consolidado.

A dita sentenza afecta tamén á delimitación do ámbito da APR A-4-09 Calvario 6 ao que pertence a parcela.

Ámbito de actuación: Parcela situada no nº 124 da rúa San Roque da cidade de Vigo sobre a que hai un edificio de planta baixa e tres plantas de vivendas.

Esta parcela correspóndese coa nº S-12 do Proxecto de reparcelación do Polígono 11 do PERI do Calvario. O PXOM categorizou como solo urbano non consolidado (SUNC) unha superficie duns 96 m² correspondente coa parte do edificio ocupado en plantas altas por vivendas, mentres que considerou como solo urbano consolidado (SUC) unha superficie de aproximadamente 28 m² correspondente cos últimos 3,26 m de fondo do local da planta baixa e terraza que existe sobre ela.

A parte categorizada como SUNC incluíuse no ámbito de planeamento remitido APR A-4-09 Calvario 6, con ordenación remitida á Modificación do PERI Calvario no Polígono nº 11, mentres que a parte incluída no SUC cualificouse coa ordenanza 3 de edificación en couzada pechada.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



**ASUNTO: OBSERVACIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO DE REFERENCIA
DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 10 DO PXOM NO ÁMBITO DA apr A-4-09 CALVARIO 6
NO CONCELLO DE VIGO**

PETICIONARIO: SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Código: 1609/2014

Clave: 2014AAE1666

Con data 16 de xaneiro de 2014, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 9/2006, remitiu a comunicación da apertura do prazo para o envío de comentarios á elaboración do documento de referencia da "Modificación Puntual nº10 do PXOM no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6 no concello de Vigo", ao proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica.

Analizada a documentación dispoñible considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión de Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.


Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2014

A xefa do servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica



Belén Quinteiro Seoane

Superficie: O APR A-4-09 ten unha superficie de 6.356 m² e a parcela obxecto de exclusión 120 m² (se ben esta MP afectaría os 96 m² que figuran como SUNC).



Ámbito da MP: APR A-4-09 en liña a trazos e parcela obxecto de sentenza en cor vermello

2. Características ambientais da área provavelmente afectada

O Concello de Vigo atópase no litoral sur da provincia de Pontevedra, na ría do mesmo nome. O ámbito obxecto desta modificación está situado na zona leste da cidade de Vigo, inserido na trama urbana e rodeado de solo urbano consolidado.

O ámbito estrito da Modificación sería a delimitación do APR A-4-09 Calvario 6, non obstante, e tendo en conta, tanto que se deberán estudar as parcelas que non sendo obxecto da sentenza puideran estar en situacións similares, como que a decisión que se adopte terá consecuencias sobre a delimitación e ficha de características da APR A-4-09, considérase como ámbito de influencia todo o cuarteirón comprendido entre as rúa San Roque e Reiseñor e a avenida Gregorio Espiño.

Está nunha zona de tecido urbano da cidade de Vigo, con usos eminentemente urbanos: os edificios edificadas nos bordes destínanse a locais comerciais nos baixos e vivendas nas plantas altas. A situación de ruína e abandono na que se atopa o interior da couzada propicia a acumulación de escombros e lixo. Este espazo interior baleiro destínanse actualmente a aparcamento durante o día.

Pola condición de concello costeiro, está dentro do ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral (POL; aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011 do 10 de febreiro do 2011). Non obstante, aínda que parte da área afectada por esta modificación (a esquina noroeste do ámbito da APR A-4-09, e en concreto a parcela obxecto de exclusión) insírese na área continua de "ordenación litoral" do Plan de ordenación do litoral de Galicia tal e como indica a súa cartografía (plano BM07), pódese afirmar que o POL non é de aplicación ao abeiro do establecido no artigo 3.2 da súa normativa.

Actualmente nin no ámbito nin nas súas proximidades se atopan espazos naturais protexidos.

O ámbito dispón de todos os servizos e infraestruturas propios do solo urbano: abastecemento de auga, saneamento, subministro de enerxía eléctrica, alumeado, telefonía e gas natural.



Santiago

27 FEB. 2014



3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas, recibíuse resposta do Ente Público Augas de Galicia. O informe achegado resúmese a continuación e remítese ao Concello coa presente decisión.

Augas de Galicia

Informa de que analizada a documentación dispoñible considérase que non existe incidencia sobre bens baixo a tutela ou xestión de Augas de Galicia, non prevíndose efectos adversos significativos sobre o medio hídrico.

4. Efectos ambientais previsibles

Tendo en conta as características da Modificación puntual e as da área probablemente afectada, e de conformidade cos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril, considérase que non se agardan efectos ambientais negativos significativos de acordo cos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006 do 28 de abril, sen prexuízo das consultas e autorizacións que proceda obter doutros organismos, de conformidade coa normativa sectorial que resulte de aplicación.

De conformidade con todo o anterior, **ACORDO:**

1. Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a *Modificación puntual nº 10 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo no ámbito da APR A-4-09 Calvario 6*, no Concello de Vigo.
2. Dar publicidade a esta decisión no Diario Oficial de Galicia e na páxina web http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental da avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
3. Notificarlle esta decisión ao órgano promotor.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014



Justo de Benito Basanta
Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental




Santiago.

27 FEB. 2014

páxina 4 de 4



ANEXO 4. Copia do plano 8-N do PXOM, aprobado e dilixenciado polo Concello de Vigo e Xunta de Galicia.



- LEGENDA**
- LIMITE DO SOLO URBANO
 - LIMITE DO SOLO DE NÚCLEO RURAL
 - DELIMITACIÓN DE PLANS ESPECIAIS
 - SOLO URBANO CONSOLIDADO
 - AOP AA API ÁREA DE ORDENACIÓN PORMENORIZADA ACTUACIÓN AILLADA EN SU ÁREA DE PLANEAMENTO INCORPORADO
 - LIMITE DE ORDENANZA
 - LIMITE GRAD DA ORDENANZA
 - 102° ORDENANZA E GRAD
 - ALIENACIÓN EXTERIOR
 - ALIENACIÓN INTERIOR
 - VÍAS PROPOSTAS
 - PASADIZO INTERIOR COUZAIDA
 - ÁREA DE NORMALIZACIÓN DE PARCELAS
 - SOLO URBANO NON CONSOLIDADO
 - APR AOD ÁMBITO DE PLANEAMENTO RESUMIDO ÁMBITO DE ORDENACIÓN DETALLADA
 - SOLO URBANIZABLE DELIMITADO
 - SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO
 - S-01-R SOD CLAVE DE SECTOR URBANIZABLE
 - SUND-01 SECTOR DE ORDENACIÓN DETALLADA
 - CLAVE DE SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO
 - SOLOS RÚSTICOS DE PROTECCIÓN
 - RPO ORDENAMENTO RPF FORNISTAL RPI INFRAESTRUTURAS RPC COSTAS
 - RPAP AGROPECUARIO RPEN ESPACIOS NATURAIS RPAC ALUGAS E CAUCES
 - SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA
 - SISTEMA XERAL DE ZONAS VERDES
 - SISTEMAS LOCAIS DE ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES
 - CS P CREACIÓN DE USO DE SUPERFICIE
 - ESPACIO LIBRE PRIVADO
 - SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS
 - EQUIPAMENTOS LOCAIS
 - AD ADMINISTRATIVO D DEPORTIVO
 - SC SOCIOCULTURAL S.P. SERVIZOS PÚBLICOS
 - B BAÑITARIO T TRANSPORTES
 - AS ASISTENCIAL R RECREATIVO
 - E ESCOLAR CE CENTROS
 - P PRIVADO
 - SISTEMAS XERAIS
 - SERVICIOS E INFRAESTRUTURAS
 - SXAP S.X. AMORTIZADO SXE S.X. ELECTRICA
 - SXP S.X. PORTUARIO SXX S.X. ABASTECIMENTO
 - SXF S.X. FERRADO SXX S.X. ABASTECIMENTO
 - ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL DE ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
 - ÁREA DE RESPECTO DE ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
 - * A_001 ELEMENTO CATALIGADO / CLAVE
 - ÁMBITO DE PROTECCIÓN DOS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS CATALOGADOS

PLANO 1:5000

REF. FOLLA

CLAVES DAS ÁREAS DE PLANEAMENTO DE DESENVOLVIMENTO

■■■■■■■■■■ LIMITE DO TERMO MUNICIPAL	■■■■■■■■■■ ÁREA DE PLANEAMENTO INCORPORADO	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ DELIMITACIÓN PARROQUIAL	■■■■■■■■■■ ÁREAS DE ORDENACIÓN PORMENORIZADA	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ LÍNEA DA ROBEIRA DO MAR	■■■■■■■■■■ ÁMBITO DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ LÍNEA DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE	■■■■■■■■■■ ÁMBITO DE ORDENACIÓN DETALLADA	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ LÍNEA DA SERVIDUME DE PROTECCIÓN	■■■■■■■■■■ SECTOR DE ORDENACIÓN DETALLADA	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ LÍNEA DO SERVIZO PORTUARIO	■■■■■■■■■■ CLAVE DOMINIO PÚBLICO	■■■■■■■■■■ NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN
■■■■■■■■■■ LÍNEA DA SERVIDUME AERONÁUTICA		

consultora galega s.l.

PLANO Nº: SERIE 2

FOLLA: 8 - N

ESCALA: 1/2 000

DECENIO 2008

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO

ORDENACIÓN PORMENORIZADA DOS SOLOS URBANO E DE NÚCLEO RURAL. ELEMENTOS CATALOGADOS

V.5

ANEXO SUPLEMENTO DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA CPTOPÍ BALA ORDE DE DE 16 DE MAIO DE 2008 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA